



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE NOVEMBRO DE 2020

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00001920P.**

#### **Aprobación de actas de sesión anteriores.**

Apróbanse as actas anteriores.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1890/2019.**

#### **AUTORIZACIÓN DA EXCEPCIONALIDADE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE REGULADAS DECRETO 29/2010 E CONCESIÓN DE LICENZA PARA A REHABILITACION DE EDIFICIO.**

Autorízase a excepcionalidade e concédese a Hotel Corcovado, S.L., licenza para realizar a rehabilitación do edificio de planta semisoto, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para 4 vivendas e local comercial na Rúa de San Pedro, cun orzamento de execución material de 500.000 euros.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000652X.**

#### **CONCESIÓN DE LICENZA PARA A EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA PAZO DE RAXOI.**

Concédese ao Consorcio da Cidade de Santiago, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución; a execución de substitución da cuberta do Pazo de Raxoi, situado na Praza do Obradoiro, cun orzamento de execución material de 571.515,34 euros, coas seguintes condicións:

- A instalación dos novos condutos horizontais de evacuación no teito da planta segunda do inmovible realizarase preferentemente oculto nos falsos teitos.
- Naqueles tramos onde non sexa posible ocultar ditos condutos, adaptarase o seu trazado á posición patrimonial e coidando o seu acabado exterior para que sexa coherente coa imaxe do inmovible.

### **4. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: LIC/1670/2020.**

#### **Denegar solicitude de segregación.**

Denégase a un particular, licenza para segregar a finca de solo rústico cualificado como Ordenanza 16. Solo rústico de protección agropecuaria, sita no Lg. da Praza, en Santiago de Compostela, por incumprir o disposto no artigo 149 da lei 2/2019, de 10 de febreiro do solo de Galicia, que prohíbe a segregación de parcelas en solo cualificado como rústico.

### **5. PATRIMONIO. Referencia: 2020/00001726K.**

#### **POSTA A DISPOSICIÓN AO CONSORCIO DAS CUBERTAS DO PAZO RAXOI**

Apróbase: Pór a disposición do CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, os espazos do Pazo Raxoi afectados polo proxecto denominado:

“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PAZO DE RAXOI”, coa finalidade de que se poidan realizar as obras contidas no mesmo. En todo caso:

- Calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá ao CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
- Corresponderá ao CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA contratar, dirixir e executar as obras previstas nese proxecto, por conta dos seus orzamentos, debendo ademais este informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.
- Ademais dado que as referidas obras poden afectar ao funcionamento de dos distintos espazos do Pazo Raxoi, o CONSORCIO deberá programalas tendo en conta os horarios desas dependenzas e facerse coa coordinación que requiran.

#### **6. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/166/2020.**

##### **INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE REXENERACIÓN ASFÁLTICA EN VARIOS PUNTOS DA CIDADE. .**

Apróbase o proxecto técnico de Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela elaborado por Consultores e Informadores Locales, S.L. Son: Rúa de Agriña de Amio, Rúa da Cima da Eira, Rúa das Barreiras, Rúa de Picaños, Rúa Agra da Garrida, Yáñez, Rúa do Lindeiro, Rúa dos Porróns, Rúa da Ponte do Sar-Rúa do Cruceiro de Sar e Rúa de Betanzos. Non poderá comenzar a execución da obra en tanto que non se reciban as correspondentes autorizacións do Servizo municipal de Arqueoloxía, da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural posto que a obra afecta a diversos tramos dos Camiños de Santiago, de Augas de Galicia, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia- Ministerio de Fomento e do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia. Cumpriranse as condicións establecidas nas autorizacións do organismos citados.

O orzamento máximo de licitación é de **399.691,98 euros** (330.323,95 euros máis o 21% de IVE que ascende a 69.368,03 euros). O prazo de execución é de 4 meses.

#### **7. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/637/2019.**

##### **INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REMATE DO TRATAMENTO ARQUITECTÓNICO DO LÍMITE LESTE DA ALAMEDA (MURO DA RÚA DO POMBAL)**

Apróbase o proxecto de execución do “*Remate do tratamento arquitectónico do límite Leste da Alameda (Muro da rúa Pombal)*” elaborado polo estudo de arquitectura de ARROKABE, SL. entregado con data 16/11/2020, cun orzamento máximo de licitación de **651.521,64 euros** (538.447,64 euros máis 21% de IVE que ascende a 113.074 euros). O prazo de execución é de 6 meses.

#### **8. CULTURA E FESTAS. Referencia: Premios Selic 2020.**

##### **Nomeamento dos membros do Xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2020.**

Acórdase nomear como membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2019 ás seguintes persoas:

- Ana María Guerra Cañizo
- María Xesús Nogueira Pereira
- María Mercedes Queixas Zas
- Arximiro Bautista Villar González
- Camilo Franco Iglesias

Desígnase como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.

#### **9. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/edu0002.**

##### **INFORME- PROPOSTA PARA DAR CONTA DO VEREDITO DO XURADO DA XII EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA 2020 E DA APROBACIÓN DAS OBRIGAS DERIVADAS DO MESMO.**

Deuse conta do fallo veredito do xurado da “XII Edición dos Premios Educacompostela”. 2020, que ten os seguintes premios e beneficiarios/as:

- **1º premio**, para o traballo titulado “**A Cianotipia. Recurso didáctico**”, presentado polos Equipos da Biblioteca e Normalización Lingüística do CEE López Navalón de Santiago de Compostela. **Está premiado con 1.200 euros.**
- **2º premio**, para o traballo titulado “**Proxecto Xeoclip. Aprendemos nos glaciares**”, presentado por Jacobo Raúl de Toro Cacharrón, Rocio Romar Noel, Mª Fernanda Moltó Roibal e Alberto Fortes Novoa. **Está premiado con 900 euros.**
- **3º premio**, para o proxecto “**Filothinking: O Diario filosófico e o Art-thinking xuntos como ferramenta para o pensamento lento e creativo**”, presentado por Alicia Eva Garea Traba, e **premiado con 600 euros.**

#### **10. SANIDADE. Referencia: SRB/1105/2018.**

##### **RENUNCIA expresa á subvención PIMA-RESIDUOS 2017 R-161- IMPLANTACIÓN DE COMPOSTAXE COMUNITARIO.**

Acórdase a renuncia expresa á subvención PIMA-RESIDUOS 2017 R-161- IMPLANTACIÓN DE COMPOSTAXE COMUNITARIO concedida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica a este Concello a través da Xunta de Galicia, por un importe de 46.371 euros.

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/13/2020.**

##### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO Contratación dunha campaña nos centros de ensino para traballar a educación en igualdade e programas para a prevención da violencia de xénero en educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, bacharelato e educación especial nos cursos 2020/2021 e 2021/2022, actuación que forma parte da EDUSI, cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.**

Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING SL, por un importe total de **62.999,99 euros** (52.066,11 euros máis 21% de IVE que ascende a 10.933,88 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete un incremento de xornada do 60% para a coordinadora, tamén do 60% para a ensinante e do 50% para a técnica de igualdade, unha bolsa de 75 horas para organización de actividades, seis accións formativas para o persoal de 16 horas de duración e a contratación de 2 persoas de colectivos desfavorecidos.

O gasto financiarase en tres anualidades:

- Anualidade 2020: 15.750 euros.
- Anualidade 2021: 31.500 euros.
- Anualidade 2022: 15.749,99 euros.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal,

#### **12. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/64/2014.**

##### **Devolucion fianza “Subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela”.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, RECAMBIOS SANTIAGUESES, por importe de **6.189,35 euros**, para responder do contrato de “Subministro de pezas de

recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela". CON/64/2014

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/35/2020.**

**ADXUDICACIÓN Proxecto SMARTIAGO- Licitación CPI para desenvolver unha solución tecnolóxica de mobilidade smart - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 (CON/35/2020).**

Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION SA, por un importe total de **1.709.241,63 euros**, (1.412.596,39 euros máis 21% de IVE que ascende a 296.645,24 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete un 10% dos royalties da solución desenvolvida por un valor de 1.126.000 euros. O gasto está previsto que se financie en tres anualidades:

- Anualidade 2020: 170.923,37 euros.
- Anualidade 2021: 1.111.007,37 euros.
- Anualidade 2022: 427.310,89 euros.

Segundo o prego de prescripcóns técnicas, deberase realizar un despliegue de como mínimo, 31 cámaras intelixentes de control de tráfico e vehículos, e como mínimo outras 12 de control de mobilidade peonil.

Smartiago está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 (CON/35/2020).

**14. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 782/2020-TFT.**

**CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR CENTROS COMERCIALES CARREFOUR S.A.**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **14.748,98 euros**, a favor de CENTROS COMERCIALES CARREFOUR S.A., EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTES AO PERÍODO DE 30 DE MARZO AO 1 DE XULLO DE 2020".

**15. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 780/2020-TFT.**

**CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN S.A. (CIF A28164754) EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTES AO PERÍODO DE XULLO E AGOSTO DE 2020.**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **843,23 euros**, a favor de DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN S.A en concepto de "SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS A PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTES AO PERÍODO DE XULLO E AGOSTO DE 2020",

**16. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 781/2020-TFT.**

**CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR VEGO SUPERMERCADOS., CON CIF A36651313 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA).**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por

importe de 100 euros, a favor de VEGO SUPERMERCADOS., EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS (SEGUNDO DECRETOS DE ALCALDÍA POLO TRÁMITE DE EMERXENCIA) CORRESPONDENTE AOS DÍAS 14 E 28 DE ABRIL DE 2020”.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION.ALUMEADO PUBLICO.S/2020/287. CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR FERROVIAL SERVICIOS, S.A. CON CIF NÚM. A80241789, EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO, INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS LOCAIS MUNICIPAIS E INSTALACIÓNS DE ALUMEADO ORNAMENTAL DOS MONUMENTOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2020.**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 231.865,38 euros, segundo se detalla na relación contable de facturas S/2020/287, todas elas en concepto de servizos de mantemento de alumeado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumeado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes aos meses de xuño, xullo e agosto de 2020.

**19. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00001880Z. CONVENIO ENTRE A SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL AGUAS DE LAS CUENCAS ESPAÑA, S.A., A ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EXECUCION DA NOVA EDAR DE SILVOUTA.**

Acordouse tomar coñecemento da proposta de borrador de convenio remitida por Acuaes, e acordouse iniciar os trámites para a súa aprobación.

**20. DEPORTES. Referencia: 3472/2020.**

**Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Sociedade Deportiva Compostela 2020.**

Apróbase o texto de convenio co Club Sociedade Deportiva Compostela no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **65.000 euros**

**21. DEPORTES. Referencia: 3471/2020.**

**Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Triatlón Santiago 2020.**

Apróbase o texto do convenio co Club de Triatlón Santiago no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **20.000 euros**.

**22. DEPORTES. Referencia: 3474/2020.**

**Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Santiago Futsal 2020.**

Apróbase o modelo de convenio co Club Santiago Futsal no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **65.000 euros**.

**23. DEPORTES. Referencia: 3473/2020.**

**Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Arteal tenis de Mesa 2020.**

Apróbase o texto de convenio co Club Arteal Tenis de Mesa no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **9.500 euros**.

**24. DEPORTES. Referencia: 3470/2020.**

**Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Atletismo Santiago, 2020.**

Apróbase o texto de convenio co Club de Atletismo Santiago no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **9.000 euros**.

**25. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: AR-093/20.**

**CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES EN ARQUEOLOXÍA EN PEDRA CASTRO**

Apróbase a sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades docentes en arqueoloxía no xacemento arqueolóxico de Pedra Castro, de propiedade municipal. Este convenio non supón obrigas económicas para o Concello.

**26. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00001517L.**

**Aprobación do texto do convenio e a concesión directa da subvención á Academia Galega de Teatro**

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Academia Galega de Teatro, por importe de 8.000 euros.

**27. FOMENTO. Referencia: DCUSC2020.**

**Dase conta** da sinatura CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA “II FEIRA DE EMPRENDEDORAS DE COMPOSTELA. A ECONOMÍA SOCIAL” NO MARCO DO PROGRAMA COMPOSTELA MÓVESE 2020 COVID-19 con data de 25 de novembro de 2020.

**28. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00000631N.**

**Dar conta da sinatura do convenio entre a empresa GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2020.**

Dase conta da sinatura do convenio GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela polo que a citada empresa aportou 3.000 euros para a colaboración nas festas do Apóstolo 2020.

**29. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: VA/3/2018, VA/4/2018, VA/5/2018.**

**Axudas Rehabilitación rúas Boiro, Bispo Diego Pelaez e Vila de Rianxo.**

Acórdase:

1. Revogar o acordo número 7 da orde do día da sesión da XGL celebrada en data 20 de consistente na denegación da axuda pública á rehabilitación na convocatoria de referencia aos solicitantes CC.PP. Santa Uxía de Ribeira, 4 con data de solicitude 14.11.2018 e número de expediente VA/2/2018.
2. Aceptación de plano da renuncia á cualificación definitiva do expediente do IGVS número C-14-409/2016, outorgada por resolución do Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda en A Coruña de data 20.12.2016 realizada polos interesados relacionados de seguido, así coma, dar conta deste acordo ao IGVS: CC.PP.Santa Uxía de Ribeira, 4; con data comunicación de renuncia 15.07.2020 e número de expediente VA/2/2018.
3. Desestimar a solicitude de axuda pública dos interesados relacionados de seguido, debido a non obtención da CUALIFICACIÓN PROVISIONAL por parte do IGVS: CC.PP. Santa Uxía de Ribeira, 4, con data de solicitude 14,11,2018 e número de expediente VA/2/2018. Por todo o exposto, acórdase a reposición de crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 2020 050 15220 78000, anulando as operacións contables correspondentes, e quedando un crédito disponible de 199.773,6 euros.
4. Acórdase desestimar a solicitude de axuda pública dos interesados relacionados de seguido, debido ao esgotamento do número máximo de actuacións fixado na convocatoria: CCPP Vila de Rianxo, 10; CCPP. Bispo Diego Peláez, 1; e CCPP Rúa de Boiro, 4. Polo exposto. Infórmase favorablemente á mencionada resolución e acórdase a reposición acorde a reposición de crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 2020 050 15220 78000 correspondente aos proxectos de gasto relacionados na táboa seguinte, anulando as

correspondentes operacións contables correspondentes e quedando un crédito disponible de 69.183,53 euros.

**30. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/678/2018.**

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL DO SERGAS.**

Apróbase o proxecto técnico de renovación do céspede sintético do campo de fútbol do Sergas cun orzamento máximo de licitación de **550.117,14 euros** (454.642,27 euros máis 21% de IVE que ascende a 95.474,88 euros). O prazo de execución é de 4 meses

**31. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00001418N.**

**Aprobar as concesión de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2020**

Apróbanse as concesión de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2020 ás 7 entidades que se relacionan por un importe total de **5.450 euros**.

1. AA VV Sandra Prego Rial. San Xoan - 23 xuño. 800 euros.
2. Asociación Veciñal a Xuntanza Barrio de San Pedro (25-29 xuño). 800 euros.
3. AA VV Casa Agraria. San Miguel (26 setembro). 800 euros.
4. AA VV Vedesma Santa Marta- Choupana. Santa Marta (29 xullo). 650 euros.
5. AA VV Montelongo Grixoa. Festa Patroal (14 agosto). 800 euros.
6. Pontesionlla. San Cristovo (10-12 xullo). 800 euros.
7. AA VV Nosa Señora de Belen. O Sacramento (12 setembro) 800 euros.

Tamén se acordou aceptar a renuncia da solicitude de subvencións das seguintes entidades: Asociación Recreativa Cultural Comisión de Festas de Santa Lucía, Asociación recreativa cultural Comisión de Festas San Martiño de Laraño, Asociación Cultural de Festas de Marantes, Asociación recreativa e cultural San Felix de Afora´.

**32. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00001920P.**

**DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2020.**

Acórdase tomar coñecemento do decreto da Alcaldía de 25.11.20 polo cal se resolve crear unha comisión co obxecto de asesorar ao órgano municipal competente no relativo á xestión e contratación dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento.

**33. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000825E.**

**Dar conta do decreto da Alcaldía do 13 de novembro de 2020 polo que se aproba a estrutura orgánica e funcional executiva do Concello de Santiago.**

Dase conta.

**34. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00001920P.**

**DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DA CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA DE DATA 24.11.20.**

Acórdase tomar coñecemento da comunicación da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia na que solicita que con urxencia se adopten as medidas oportunas para a xestión da exención do canon da auga ao sector da hostalería, por mor da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

**35. DEPORTES. Referencia: 3469/2020.**

**Dar conta da sinatura do Convenio con “Special Olympics Galicia” (varias actividades 2020)**

Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 3.500 euros, destinados á financiación das actividades de Maratón Urbano e á Marcha Ciclista Unificada Special Olympics de Galicia.

**36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00001717N.**

### **DACION A XUNTA DE GOBERNO DA SENTENZA RECAIDA NO AP 4053/2020 TSX**

Dase conta da sentenza nº 596/2020, favorable para o Concello e recorrible en casación. A persoa demandante viña de solicitar licenza para colocar unha terraza na citada rúa; solicitude que foi denegada ao atoparse no pomerio da antiga muralla, producindo en caso afirmativo un estrangulamento da rúa e unha interrupción visual e paisaxística do percorrido proposto polo Concello. Nestes casos, a Ordenanza reguladora prevé unha certa marxe de discrecionalidade no momento de conceder ou denegar estas licenzas. No presente, a demandante considerou que a negativa constituía un agravio comparativo con outros casos, aportados por aquela mesma. Por estas razóns, a sentenza do xulgado estimou o recurso, ordenando a concesión da licenza. Pola contra, a Sala do TSX, á vista do espazo de tránsito resultante neste caso (entre 2 e 3,02 m) e do resultante nos outros (3,77 - 4,39 m; no segundo, terraza en espazo aberto, posterior ao corredor de 3,17 m; e no terceiro un paso de 3 a 4,18 m) e das circunstancias específicas da cidade histórica; considerou que a licenza estaba correctamente denegada, estimando así o recurso de apelación presentado polo Concello.

### **37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00001755G.**

#### **DACION DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA SENTENZA RECAÍDA NO PO 19/2019 SOCIAL 4.**

A sentenza nº 216/2020 é favorable para o Concello, recorrible en suplicación. A persoa demandante foi contratada polo Concello ao abeiro dun programa subvencionado pola Xunta de Galicia, que xa leva dúas prórrogas, coas conseguintes prórrogas do contrato laboral. Os fundamentos e peticións da demanda eran, en síntese, as seguintes: dado que estamos ante unha competencia propia do concello, o contrato “por obra ou servizo” foi realizado en fraude de lei, o que implicaría que a persoa traballadora fose declarada persoal laboral indefinido non fixo. Ademais, como para acceder ao citado contrato, foi seleccionada nun proceso no que se observaron os principios constitucionais, por aplicación de recentes sentenzas da sala do Social do TSX de Galicia a declaración sería como persoal laboral fixo. Ademais, por razóns de igualdade, tería dereito a acceder á paga de produtividade semestral. E polas mesmas razóns, ás xudas sociais que o Concello abona aos seus empregados. A sentenza atende todas as alegacións municipais, desestimando de plano a demanda.

### **38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00001749K.**

#### **DACION DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA SENTENZA RECAIDA NO PA 159/2020 CA2.**

A sentenza nº 218/2020 é favorable para o Concello, e non recorrible. O demandante viña de reclamar polos danos sufridos no seu vehículo, como consecuencia de quedar atrapado nunha bolsa de auga, afectando esta ao motor e interior. Ao existir resolución expresa municipal, recoñecendo a existencia de responsabilidade pero derivándoa á concesionaria Viaqua, alegouse a excepción de satisfacción extraprocésual; que o xulgado non comparte xa que o suplicado na demanda foi que o Concello pague. Pola contra, desestima a demanda porque dita resolución non foi recorrida, nin polo demandante nin pola concesionaria.



## URXENCIAS

**39. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION.CORREOS.27.11.2020. CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A. CON CIF NÚM. A83052407 EN CONCEPTO DE SERVICIOS POSTAIS, CORRESPONDENTES AOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2020.**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **110.007,71 euros**, a favor de SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A., en concepto de servizos postais correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2020, segundo bfigura na relación contable de facturas S/2020/296.

**40. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION.LIMPEZA CEIPS.S/2020/199. CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE CON CIF NÚM. ESU86729720 EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE CONSERXERÍA, CONTROL E LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DOS CEIPs CORRESPONDENTES AOS MESES DE MAIO, XUÑO E XULLO DE 2020.**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 269.267,78 euros, por importe de **86.017,12 euros**, todas elas en concepto do servizo de conserxería, control e limpeza dos CEIPs correspondentes aos meses de maio, xuño e xullo de 2020”.

**41. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION.NEUMATICOS PAJARO S/2020/316.**

**CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L. CON CIF NÚM. B15046238 EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTES Á PRIMEIRA QUINCENA DE AGOSTO E AO MES DE SETEMBRO DE 2020**

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **769,64 euros** en concepto de subministración de pneumáticos para o Parque Móbil do concello correspondentes á primeira quincena de agosto e ao mes de setembro de 2020.

**42. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/70/2020.**

**Aprobación da apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4ª LCSP. CON/70/2020**

Apróbase o expediente denominado “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4ª LCSP” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **377.308,26 euros IVE engadido** (311.825,01 euros IVE aparte de 21% que ascende a 65.483,25 euros). O importe resultante desta contratación está previsto que se satisfaga en catro anualidades (a prestación do servizo non se iniciará ata o vindeiro ano), e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2021.

Anualidade 2021: 94.327,07 euros.

Anualidade 2022: 125.769,42 euros.

Anualidade 2023: 125.769,42 euros.

Anualidade 2024: 31.442,35 euros.

**43. DEPORTES. Referencia: 3475/2020.**

**Dar conta da autorización de acceso de público nas instalacións deportivas municipais durante a celebración de competicións oficiais.**

Tómase coñecemento de que desde o sábado 28 de novembro autorízase a presenza de público nas instalacións deportivas municipais que se atopan baixo a xestión directa do Departamento de Deportes, unicamente durante a celebración de actividades competitivas oficiais e condicionado ao cumprimento por parte das entidades organizadoras dos límites de capacidade definidos na orde do 4 de novembro, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na nosa comunidade e os propios que se establezan polas limitacións de cada recinto.